



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE AGRUPACIÓN DO NUMERO DE PRAZAS DO CURSO FC19141 PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O PERSOAL FARMACÉUTICO DE INSPECCIÓN DE SAÚDE PÚBLICA.

ANTECEDENTES:

1.- O dito curso foi convocado en virtude da Resolución da directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) do 14 de xuño de 2019 (DOG núm. 120, do 26 de xuño de 2019), na que se prevía a realización de dúas edicións con 15 prazas cada unha: SANTIAGO, o 18 de outubro, e SANTIAGO1 o 21 de novembro.

2.- A data de hoxe recibíronse 8 solicitudes para participar na edición SANTIAGO, e 2 solicitudes para a edición SANTIAGO1.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Única.- *A Resolución do 14 de xuño de 2019 pola que se convocan cursos para o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico (DOG núm. 120 do 14 de xuño de 2019), na súa base décima, dispón o seguinte:*

*“ No suposto de que o número de admitidos/as sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP resérvase o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso no que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.”*

RESOLVO:

1. Anular o número de prazas ofertadas na edición SANTIAGO1 do curso FC19141 Prevención de riscos laborais para o persoal farmacéutico de inspección de saúde pública, e incluír aos solicitantes desta edición na edición SANTIAGO, que se realizará o 18 de outubro.

2. Ordenar que se notifique aos interesados.

A directora

17 XULL. 2019

Sonia Rodríguez-Campos González